

Expediente: CON2024000044

Referencia interna: 2024/00039631W -

**Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE).**

**Tipo de contrato:** Servicios **Procedemento:** Abierto Simplificado

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 26 de setembro de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do expediente de contratación do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE*

A proposta é do seguinte teor literal:



Plan de Recuperación,  
Transformación  
e Resiliencia



Financiado pola  
Unión Europea  
NextGenerationEU



IBADER  
Instituto de Biodiversidade  
Agraria e Desenvolvemento Rural



Paz Filloy Mato, xefa do Servizo de Contratación, consonte os termos establecidos no artigo 175 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

INFORMO

## ANTECEDENTES

- O día 30/05/2024 foi aprobado o expediente de contratación do *Servizo de redacción de proxecto e dirección facultativa (DO+DEI+CSS) "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo"* (número contrato CON2024000006).
- O día 29/07/2024 a Xunta de Goberno Local declara deserta a dita licitación, ao non terse presentado ningún licitador.
- O día 23/08/2024 a Directora da Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos e Comunitarios emitiu o informe de necesidade dunha nova licitación na que se reconfiguran as exixencias de solvencia para volver licitar este contrato.
- O concelleiro delegado de Economía e Facenda Persoal, Contratación e Modernización da Administración local dita o 05/09/2024 resolución de inicio do

expediente de contratación do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE)* (número contrato CON2024000044).

No expediente consta, tamén, o estudo económico asinado o día 27/08/2024, o prego de prescricións técnicas asinado o día 23/08/2024 e a proposta de criterios de adjudicación asinada o día 23/08/2024.

4. No expediente consta o informe do Servizo de Contratación do 10/09/2024 así coma o PCAP asinado o día 9 que foi rectificado o día 18/09/2024 para corrixir un erro material na indicación do orzamento base de licitación.

5. Consta no expediente o informe da Asesoría Xurídica Municipal núm. AX/0195/2024 asinado o día 17/09/2024.

6. Consta no expediente documentos contables RC acreditativos da existencia de crédito adecuado e suficiente.

## **CONSIDERACIÓNS**

Tendo en conta a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas nos anteriores informes, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2023 (BOP 22/06/2023) e as competencias delegadas por acordo da Xunta de Goberno do día 20/06/2023 (BOP 28/06/2023), propón que a Xunta de Goberno local da cidade de Santiago de Compostela adopte o seguinte:

## **ACORDO**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE)*, cun orzamento base de licitación de 100.789,71 € (base impoñible de 83.297,28 € máis IVE do 21% de 44.989,68 €).

**Segundo:** Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

**Terceiro:** Autorizar o gasto correspondente por importe de 100.789,71 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 040 17100 6090002 (Código de proxecto: 2024 2 NGESS 15 1 Entre Sar e Sarela).

*Este contrato conta con financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE):*

*Compoñente 4: Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade*  
*Reforma 2: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde*  
*Investimento 3: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde*

*Porcentaxe de cofinanciamento: 95% fondos europeos / 5% achega municipal*

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2024/970 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo".* Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE), cun orzamento base de licitación de 100.789,71 € (base imponible de 83.297,28 € máis IVE do 21% de 44.989,68 €).

**Segundo:** Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

**Terceiro:** Autorizar o gasto correspondente por importe de 100.789,71 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 040 17100 6090002 (Código de proxecto: 2024 2 NGESS 15 1 Entre Sar e Sarela).

*Este contrato conta con financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE):*

*Compoñente 4: Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade*  
*Reforma 2: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde*  
*Investimento 3: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde*

*Porcentaxe de cofinanciamento: 95% fondos europeos / 5% achega municipal*

